

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

*EXTRACTO da Orde do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa APROL-Economía Social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018.*

BDNS (Identif.): 379381.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

As cooperativas e sociedades laborais para o programa I e as persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas, para o programa II.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais a través dos seguintes programas:

Programa I, dirixido a fomentar a incorporación, como persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, de persoas desempregadas, de traballadores e traballadoras con carácter temporal e de persoas socias a proba.

Programa II, dirixido a fomentar o acceso á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como o fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas, a través do financiamento das achegas económicas ao capital social.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 26 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do



emprendemento en economía social (Programa APROL-Economía Social), cofinanciadas parcialmente con cargo ao Programa operativo do Fondo Social Europeo, e se convocan para o ano 2018 (<http://emprego.ceei.xunta.gal/>).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a un millón oitocentos mil euros (1.800.000,00 €) e a distribución inicial de créditos por programas é a seguinte: programa I: 1.000.000,00 €; e programa II: 800.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o 1 de outubro de 2018, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Sexto. *Outros datos*

Os incentivos a que se refire esta convocatoria están sometidos ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder dos límites cuantitativos establecidos nos regulamentos da Comisión (UE) 1407/2013, 1408/2013 ou 717/2014, segundo proceda.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Francisco José Conde López  
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

